



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2009

ASISTENTES:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES. CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DONA EVA MARÍA VILARIÑO GONZÁLEZ (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DONA TANIA MARÍA RUANOVA SUÁREZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSÉ MARÍA LAYA CARRIL (TEGA)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

SRES. CONCELLEIROS AUSENTES.-

DONA ROSA MARÍA MASEDA GONZÁLEZ (BNG)

SR. SECRETARIO ACCIDENTAL

DON EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Miño ás doce horas e catro minutos do día 21 de febreiro de 2009, previa a súa convocatoria en legal forma, reúnen os Sres. Concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

Antes de comezar a tratar os puntos da orde do día, o Sr. Alcalde, manifesta que pide desculpas ao Sr. Concelleiro de TEGA por non deixarlle intervir no último Pleno ordinario para formular unha pregunta que non se presentou co carácter previo no rexistro municipal. Tamén dí que para moderar os debates no Pleno, a lei contempla a formulación da pregunta e a súa resposta, recoñece que para non alongar os debates, no sucesivo permitirá as preguntas, aínda que non se presentaran por rexistro, se ben non permitirá alongar as mesmas despois de darlles a debida resposta, todo ilo para lograr a fluidez do debate.

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (02/02/2009).

Distribuíronse aos Sres. Concelleiros/as da Corporación as copias dos borradores das actas do Pleno correspondentes ao día 02/02/2009, no que se celebraron dúas sesións de carácter extraordinario. O secretario accidental expón que en canto á celebrada en primeiro lugar, no referente ao punto núm. 2.- APROBACIÓN DO PROXECTO E SOLICITUDE DE EXECUCIÓN DA OBRA: MELLORAS HIDRÁULICAS NAS RÚAS GARCÍA PICOS, PARDIÑEIRA, TAÍNA, FUENTE E RABAZAL. MIÑO (A CORUÑA), advírtese un erro de feito, na parte dispositiva do acordo no punto primeiro onde dí cun orzamento de execución por contrata de 232.000 €, debe dicir 231.361,45 €,



polo que cómpre a súa rectificación. O Sr. Alcalde-presidente pregunta aos Sres. Concelleiros se queren facer algunha outra observación a ditos borradores, e manifestando que non, quedan aprobadas coa rectificación sinalada.

2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A NÚMERO 1016/2008 ATA A 1113/2008, E DENDE A 01/2009 ATA A 95/2009

Dáse conta das resolucións da Alcaldía dende a número 1016/2008 ata a 1113/2008, e dende a núm. 01/2009 ata 95/2009, quedando o Pleno municipal enterado.

3. CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO. MOCIÓNS.

MOCIÓNS CONXUNTAS DO PSOE:

Antes do comezo da lectura da moción núm. 1 a portavoz do PSOE, D^a. Emma González, manifesta que quere deixar constancia da súa protesta en primeiro lugar sobre a interpretación do ROF, entende que os Plenos son para debater, e non se debe interpretar a normativa no senso que o fai, porque no debate se poden acercar posturas, para chegar a acordos, canto máis nestes concellos pequenos, pois entendo que é para non deixar intervir á oposición, e así o Sr. alcalde pode facer o que lle dé a gaña. Tamén quero deixar constancia da miña protesta por convocar un pleno ordinario sen orde do día, sen asuntos, pois celébranse plenos extraordinarios, en días e en horas nas que moita xente traballa, como a maioría dos que estamos aquí, e que no meu caso me impide a asistencia. Quero deixar clara a miña protesta pola celebración de moitos plenos extraordinarios en horario laboral e a media mañá, en lugar dun sábado, como hoxe.

Sr. Alcalde.- Comprenderá que lle estoi deixando intervir sin ter dereito a ilo, o moderador son eu, vostede está acostuada a comezar e a rematar tódalas intervencións. Vostede sabe como eu, que as preguntas podía contestarllas por escrito. Correspóndeme dicirle que pola lei o moderador é o alcalde. Queda recollida a súa protesta en acta. Comece coa moción.

D^a. Emma González.- Sí, comezo coa moción, de todas formas recórdolle que moderar non é restrinxir.

Sr. Alcalde.- Vostede ten que ter un mínimo de respecto e cortesía, vostede quere comezar e rematar, se a pregunta está contestada, non debe insistir. O moderador son eu, a lei así mo outorga. Comece coa moción.

MOCIÓN NÚM. 1

Coa data do 19 de febreiro de 2009, rexistro de entrada núm. 1255, dona Emma González Álvarez, portavoz do Grupo do Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no Art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno para o seu debate a seguinte MOCIÓN:



“Sr. Alcalde Os veciños de Bemantes tiveron que pagar unha factura de 427,01 euros á empresa Espina e Delfín por unha acometida e conexión a un colector que ía verter a EDAR de Ponte Baxoi.

No proxecto que estivo a información pública non contempla o verquido das augas residuais da parroquia de Bemantes a esta EDAR, polo que grupo do Psdeg-Psoe entende que vostedes enganaron aos veciños, e autorizaron a cobrar dunha forma irregular unha cuota que en principio non terían que aboar. Polo que a empresa Espina e delfín ten que devolver os 427,01 euros cobrados aos veciños

E por iso que solicitamos a consideración do pleno que se someta a debate e votación a proposta realizada e o Concello emplace a Espina e Delfín para que faga a devolución.”

Antes de proceder ao debate da moción presentada, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF, en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procedese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, BNG e TEGA.

Sr. Alcalde: Esta moción que vostedes presentan coincide cunha pregunta que presenta o Sr. Concelleiro de TEGA, polo que vamos a proceder a debater esta moción, e darásela por respostada a idéntica pregunta.

En primeiro lugar débese distinguir entre acometida e o enganche. O enganche é a autorización do concello e a acometida é a obra que ten que facer a empresa adxudicataria dende a rede ata o domicilio. O que os veciños pagaron é a acometida, non o enganche. O feito de ter a acometida non autoriza a utiliza-lo servizo, senón que será despois da súa solicitude e autorización. Aproveitando a instalación da rede xeral de sumidoiros recoméndase aos propietarios das vivendas afectadas que solicitaran a acometida. Esta recomendación fíxose tendo en conta o maior custo para os veciños, e as molestias que suporía a súa execución posterior, unha vez feita a reposición e pavimentación. O custo da acometida está regulado no contrato que rexe a xestión deste servizo, e negociouse coa empresa para que os veciños tiveran o mesmo custo unitario. Repito que o feito de ter a acometida xa realizada, non supón que teñan que contar coa autorización de verquido, aínda que moitos veciños xa teñen a autorización concedida. Os veciños da Fulgueira terían un maior custo por ter que executarse uns bombeos. Foi preciso modificar o proxecto inicial para lograr un menor custo, así en vez de verter á depuradora de A Ribeira vai a ir á nova depuradora, economizando máis de dous quilómetros. Actualmente moitos veciños poden dispoñer xa do servizo que irá á depuradora de A Ribeira. ¿Sabe vostede cantos veciños poden enganchar ao día e hoxe?

D^a. Emma González.- ¿vostede sabe-o?

Sr. Alcalde.- Cento dez veciños que están en condicións de enganchar. Algúns destes veciños, os mesmos que asinaron as alegacións á EDAR, afirman que foron enganados por vostedes. Respecto ao saneamento estamos orgullosos, a primeira fase pagouna o goberno da Xunta de Galicia do Señor Fraga, e a actual Xunta negounos a segunda fase e tívemola que financiar polo concello. No intre que entre en funcionamento a EDAR de Ponte Baxoi se lles



comunicará a o resto dos veciños para que soliciten o enganche e se lles outorgará a autorización. Creo que xa teñen resposta.

D^a. Emma González.- ¿Cándo vostede dí que pagaron a acometida, refírese á capacidade de enganche? ¿Para que é? Se vostede paga o enganche terá que ter o servizo ¿Non?. Digo eu.

Sr. Alcalde.- Imos ver, unha cousa é a acometida e outra o enganche, vou a intentar explicarllo de novo. E non vou a permitirlle máis intervencións.

D^a. Emma González.- Serei algo parva, se vostede o dí, pero non vai levarme ao terreno que vostede quere.

Sr. Alcalde.- Para que haxa un debate débense dar dúas premisas, formación e información. Vostede ten a primeira e carece da segunda. O enganche é posterior. Estamos falando de acometida, que consiste levar a rede xeral ata a propiedade particular do veciño. Existen diferencias de pavimento, os firmes son distintos, os percorridos, o que levaría que cada un. Estableceuse un criterio para que non existan diferencias entre o que deban pagar os veciños, con un prezo unitario.

D^a. Emma González.- Se pagan a acometida é que deberan ter o servizo.

D. Jesús Veiga.- Dende hai anos temos na parroquia o servizo da rede do suministro de auga. Hai moitos veciños que teñen pagado dende hai moito tempo a acometida é ao día de hoxe non lles interesa ter o servizo. Hai oito recursos presentados polos veciños, que solicitan a devolución do pagado e a anulación da EDAR. Iso é unha controversia, e non era o que pensaban e o que querían os veciños, foron enganados.

Sr. Alcalde.- Dáse por rematado o debate e procédase á votación.

Sometida a moción número 1 a votación obtén o seguinte resultado: 4 votos a favor, os dos señores concelleiros do PSOE e TEGA, e 8 votos en contra, os dos señores concelleiros do PP e ASI, polo que queda rexeitada por maioría absoluta.

MOCIÓN NÚM. 2

Coa data do 19 de febreiro de 2009, rexistro de entrada núm. 1253, dona Emma González Álvarez, portavoz do Grupo do Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no Art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno para o seu debate a seguinte MOCIÓN:

“Coma é coñecido en Miño estase a aplicar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos, e resulta que as compulsas por primeira copia ascenden a 1,20 euros. Estes días algúns veciños formularon queixas porque cando alguén se presenta a un concurso oposición do Concello, como sucedeu co concurso para monitor deportivo, resulta que houbo xente que tivo que compulsar moitos documentos acreditativos do seu currículo e por iso tiveron que pagar ata uns 50 euros. Por iso, neste caso, sometemos a consideración do pleno que se revise esa taxa ao menos no punto das compulsas, porque si o cidadán xa aporta copia o único que ten que poñer o funcionario e o selo de autenticidade da copia co orixinal, por iso debería cobrarse neste caso un prezo simbólico .



E por iso que solicitamos a consideración do pleno, que se someta a debate e votación o regulamento da taxa por documentos administrativos e se revisen no senso de diminuír as contías establecidas o menos no caso das consultas”.

Antes de proceder ao debate da moción presentada, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF, en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procedese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, BNG e TEGA.

Sr. Alcalde: A ordenanza reguladora da taxa pola expedición de documentos contempla no seu cadro de tarifas a primeira compulsiva a 1,20 € e as seguintes a 0,30 €, sempre e cando correspondan ao mesmo documento. Polo tanto estamos na mesma liña que vostede propón. No caso dos documentos esixidos para a obtención de prestacións sociais que se tramitan dende o concello, axudas ás familias, bolsas de estudo, ou calquera outras similares, teñen a exención total e non se cobra nada.

D^a. Emma González.- O prezo da primeira é excesivo, débese poñer todas a 0,30, ou menos, como é o caso doutros concellos, como Ares.

Sr. Alcalde.- O obxecto da ordenanza non é encher as arcas municipais, como ben pode deducir, senón o resarcimento dos gastos dos servizos administrativos como contraprestación á solicitude que fai o particular. De feito as compulsas ou cotexos só se realizan nos documentos á tramitar diante deste concello, ou ben que se presentan neste para a súa tramitación diante doutras administracións, seguindo a instrución da Dirección Xeral dos Rexistros e Notariado. Nos casos de efectos meramente particulares, as compulsas deberán facelas diante dun notario. Procédase á votación.

Sometida a moción número 2 a votación obtén o seguinte resultado: 3 votos a favor, os dos señores concelleiros do PSOE, 1 abstención do señor concelleiro de TEGA, e 8 votos en contra, os dos señores concelleiros do PP e ASI, polo que queda rexeitada por maioría absoluta.

MOCIÓN NÚM.3

Coa data do 19 de febreiro de 2009, rexistro de entrada núm. 1254, dona Emma González Álvarez, portavoz do Grupo do Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no Art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno para o seu debate a seguinte MOCIÓN:

“Como xa sabemos tódolos sábados hai moitos accidentes de tráfico debido, entre outras cousas porque os rapaces beben e conducen con exceso de velocidade. Por iso, tal como xa está implantado en Betanzos que ten acordos con outros concellos, estableceuse “o noite bus” que fai dous viaxes aos locais de moda nocturnos, para levalos e despois fai outros dous para a volta. Isto pódono facer tanto os rapaces de Betanzos como os de Sada pero en Miño non hai noite bus, e por iso parécenos boa idea chegar a acordos do Concello de Bergondo e Paderne para contratar un bus que leve aos rapaces desde o noso concello ata Betanzos e Sada pasando polos concellos anteriores e despois traelos de volta.



E por iso que solicitamos a consideración do pleno, que se someta a debate e votación a proposta realizada e se valore a posibilidade de establecer “o noite bus” no noso Concello.”

Antes de proceder ao debate da moción presentada, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF, en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procedese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, BNG e TEGA.

D. Jesús Veiga.- Creo que non era necesaria esta moción. Miño ten noitebús dende hai varios anos. Dende Ferrol, Fene, Ares, Mugardos, Cabanas, Pontedeume e Miño, e temos a rota que o seu goberno nos permitiu.

Dª. Emma González.- Estamos a falar de Betanzos, Sada, non do que vostede plantexa, iso xa o sabemos.

D. Jesús Veiga.- Supoño que vostede sabe que presentamos na Dirección Xeral de Transportes a moción referente á adhesión de Miño á Area de Transporte Metropolitano da Coruña, e ¿sabe a súa resposta? Pois que non é posible, que xa a estudarán. Pois con isto outro tanto. O seu goberno está a ampliar neste intre as novas rotas, e nós imos a solicitar nos vindeiros días o noitebús para Betanzos, Sada. Aínda que a resposta xa sabemos que será como a do transporte metropolitano.

Sr. Alcalde.- Nós estamos en contra desta moción. Procédase á votación.

Sometida a moción número 3 a votación obtén o seguinte resultado: 3 votos a favor, os dos señores concelleiros do PSOE, 1 abstención a do señor concelleiro de TEGA, e 8 votos en contra, os dos señores concelleiros do PP e ASI, polo que queda rexeitada por maioría absoluta.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS DO PSOE:

Coa data do 19 de febreiro de 2009, rexistro de entrada núm. 1256, dona Emma González Álvarez, portavoz do Grupo do Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no Art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno os seguintes rogos:

“Sr. Alcalde, o noso grupo, coma sempre, desexa facer unhas propostas concretas e cun mínimo de custo para o Concello, pero que inciden na mellora do pobo e na calidade de vida dos veciños.

Algunhas delas son reiteracións, que agardamos que vostede algún día execute.

Primeiro:

Revisalas beirarrúas da Estrada da Praia e da Galea e reparalos danos que teñen. Colocar un sumidoiro na estrada da praia diante da casa nº 38, para eliminala poza que hai en canto chove un pouco. Así coma a beirarrúa da Rúa que cando chove parece o surtidor dunha fonte, porque está roto o tubo das pluviais dese edificio incrementándose o problema co atasque dos sumidoiros.”



Sr. Alcalde.- Se mo permite voulle a ir respondendo a cada un. Darei as ordes oportunas aos servizos municipais para que procedan a revisar os defectos e efectúen as reparacións necesarias.

Segundo:

“Revisalos sumidoiros pois aínda hai moitos atascados, cremos que o problema de Ponte do Porco non se amaña co parche que fixeron, pois en canto volva a chover un pouco volverá o atasco e tamén a charqueira que se orixina , que non deixa pasar aos veciños, polo que pedímoslle que comece a obra canto antes.”

Sr. Alcalde.- En canto á revisión dos sumidoiros, que parece ser que foron os causantes dos malos olores nunha parte do pobo, como vostedes saben, procedeuse a unha revisión e limpeza por parte da empresa Espina y Delfín. Atendendo o seu rogo, solicíteille á empresa un informe da situación actual, e a súa vista procederemos a subsanar as posibles deficiencias que poidan existir. Con respecto á situación de Ponte do Porco, hai que facer distintas consideracións. Foi a actuación levada a cabo pola Demarcación de Costas a que provocou as deficiencias observadas. O concello leva a cabo unha serie de actuacións de cara a solucionar os problemas o antes posible, e acometerá o parcheado de baches, a limpeza do único tubo de desaugue que existe e a instalación dun aliviadeiro para a drenaxe da auga nun dos puntos máis conflictivos. Intentouse levar a cabo a limpeza das cunetas que proveñen e pasan pola propiedade de Etcheverría, que se encontran totalmente obturadas, sendo preciso realizar a apertura das mesmas, xa que a manguera a presión non é suficiente. Tamén solicitamos con reiteración á Demarcación de Costas do Estado para que levase a cabo a limpeza dos canais da praia, competencia deste organismo, e para o que o concello ofreceu a colaboración do seu persoal. Tamén débolle comunicar que Gas Natural vai a comezar as obras do gaseoducto en Ponte do Porco, con un percorrido alternativo que propuxemos dende o concello, e que resulta moito menos agresivo para este núcleo de poboación. Mantéñese tamén o compromiso, tanto por Gas Natural como de Fenosa, de executar de inmediato as obras de reposición de firme en todo o vial da praia da Alameda. Preténdese acomodar as pendentes do firme de tal xeito que se recollan máis adecuadamente as augas e a instalación dalgúns sumidoiros nas zonas claves.

Terceiro:

“Na curva do cámping do Pinar, hai un montón de maleza que supón un perigo para o tráfico polo que solicitamos que á maior brevidade fagan unha limpeza e quede saneada.”

Sr. Alcalde.- ¿A qué lle chaman ou se refiren vostedes ao cámping do Pinar? Mandeí revisar as proximidades de tódolos campings do concello e comunicaron me que non observaron maleza nas proximidades de ningún, agás no cámping de Perbes, con hortensias e algunha herba.

D^a. Emma González.- No cámping que está na curva, preto do final da praia de Miño. D. Juan M. Beceiro.- Nós chamámoslle a iste do Pinar.

Sr. Alcalde.- Volverei a mandar a súa revisión, e se hai cortarase.



Cuarto:

“Vostede sabe que Gallamonde se está empregando para depositar restos de podas e outras cousas, como é propiedade do Concello, o noso grupo propón que se faga unha plantación de árbores autóctonos, para que non volva a converterse nun estercolero.”

Sr. Alcalde.- A parcela sobre a que se depositan os residuos é a antiga pista polideportiva do colexio, que presenta un firme de cemento non permeable. É un lugar que se fai necesario para colocar os residuos inertes procedentes dos distintos traballos que realizan os operarios municipais antes do seu traslado ao xestor autorizado. En calquera caso, a maioría dos residuos que se acumulan nesta parcela son malezas procedentes dos desabroches das cunetas e outros traballos. Así cando se acumula suficientes restos para encher un contenedor, avísase á empresa para a súa recollida e traslado á pranta de tratamento.

Con respecto á suxestión da plantación de árbores demostra que vostede nin coñece aquilo, nin estivo alí, do contrario non se lle ocorrería solicitar a plantación das árbores nunha pista de cemento.

Quinto:

“Sr. Alcalde nos gustaría que vostede se preocupase polos problemas que teñen os veciños, sabe vostede porque así llelo fixeron chegar hai máis dun ano que en San Xoán non teñen liña ADSL mentres xa a teñen na urbanización de Fadesa.

Rogámoslle atenda a petición dos veciños e faga as xestións oportunas para que poidan ter a comodidade dos tempos nos que estamos.”

Sr. Alcalde.- Aproveitando as obras da construción de beirarrúas no tramo Bermaño-Apeadoiro, puxémonos en contacto con Telefónica para a canalización dunha rede de fibra óptica que mellore o servizo de internet na zona de San Xoán de Vilanova. Por este acordo o concello faise cargo dos gastos da obra civil, asumindo o resto a compañía. Con respecto a observación de que a urbanización Costa Miño dispón deste servizo, teño que matizarlle que débese a que foi a empresa promotora quen asume o seu custo íntegro, sen que o concello tivera que poñer nin un euro. En canto ao servizo de internet, que considero necesario e prioritario, creo que as distintas empresas deberan ser que asumiran o seu custo, e non o concello. Paréceme un abuso e un escándalo, porque este servizo básico non o deberan de pagar os veciños, cando o beneficio é para as empresas. Queda aclarado que esta alcaldía preocúpase polos problemas dos veciños.

O Sr. Alcalde, pregunta se hai algún outro rogo que queiran presentar.

D^a. Emma González.- Quérolle transmitir un rogo que me acaba de formular un veciño, e que se corresponde con que na barandilla do paseo, na estrada de baixada á praia, preto da cafetería da praia da Ribeira, hai un tramo solto que pode causar algún dano ás persoas, polo que sería convinte a súa reparación.

Sr. Alcalde.- Tomo boa nota, e pasareilles a orde aos servizos técnicos para a súa reparación.



PREGUNTAS DO PSOE

Coa data do 19 de febreiro de 2009, rexistro de entrada núm. 1257, dona Emma González Álvarez, portavoz do Grupo do Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no Art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno sinalado par ao día 21 de febreiro as seguintes PREGUNTAS:

PRIMEIRA.

“Este grupo solicitou e foille entregado o resumo de gastos xurídicos que foron aboados polo concello procedementos xudiciais e que comprende tanto gastos de procurador como de letrado. Sen dúbida resultan excesivos. Por iso solicitamos ante este pleno que se nos informe e se nos entregue a relación de asuntos tramitados ou que se están a tramitar e que comprenden a citada relación con indicación das partes intervintes, número de procedemento e xulgado correspondente.”

Sr. Alcalde.- En canto á documentación que solicitan darei a orde de que se lles facilite á maior brevidade posible, será nese intre cando vostedes poderán valorar, baixo o seu criterio, se os gastos son ou non excesivos. Vostedes chegan a unha conclusión sen dispoñer do número de recursos, e doutros datos, e xa a consideran excesivas.

D^a. Emma González.- Temos a relación de gastos que vostede nos facilitou, e paréceme excesiva, sabemos os cartos que custaron.

Sr. Alcalde.- Non ten vostede a palabra, correspóndelle ao presidente exercer de moderador do debate, e iste son eu. Rógolle que non interrompa. Débolle de manifestar que non se lle abonou ningunha factura ao asesor xurídico, na súa función de letrado do concello, que non cobra por estas intervencións, quen cobra é o procurador. Vostedes non teñen un criterio obxectivo para manifestar que os gastos son excesivos.

D. Juan M. Beceiro.- Se nos fixo entrega da relación de gastos e temos elementos para considerar istos pagamentos excesivos. Son 111 facturas, polo que temos datos obxectivos para consideralos excesivos.

Sr. Alcalde.- 111 facturas poden ser excesivas ou poucas, dependendo do número de litixios nos que o procurador interveu. No seu traballo pode parecer dun xeito subxectivo que vostede cobra moito, pero se teñen en conta o número de horas extras que vostede realiza e a calidade do seu traballo, obxectivamente pode ser pouco. O que intento é chegar en este Pleno a correxi-los. Vostedes antes do estudio dos documentos que solicitan, están xa emitindo as conclusións. O primeiro erro é considerar o gasto como excesivo sen estudar a documentación. O segundo erro é afirmar que corresponden tamén ao letrado. O letrado non presentou ningunha factura pola súa intervención, corresponden ao procurador. Non teñen datos obxectivos Darei a orde oportuna para que se lles facilite por escrito o solicitado. Pasemos á pregunta seguinte.

SEGUNDA.

“Como xa lle preguntamos no pleno anterior, resulta que a obra que se fixo na Barrosa e que levou a cabo Edicasla SL foi obxecto de un expediente



sancionador por invasión da zona de dominio público ferroviario. Como consta no citado expediente en xaneiro do 2007, ADIF remitiu escrito ao Concello dando autorización a obra sempre que os edificios estean a máis de 20m. O concello concedeu a licenza de obra en maio de 2007. Sen embargo a obra foi paralizada. Despois de varios escritos presentados resulta que en decembro de 2008 remitiuse ao Concello unha cédula de citación como testemuña do arquitecto municipal no procedemento contencioso 68/08 que se tramita ante o xulgado do contencioso número 3 de A Coruña onde figura como demandante ADIF e como demandado o Concello de Miño. Por iso preguntamos que nos informe qué o que reclama ADIF e se este procedemento está relacionado coa obra da que estamos a falar e si non é o caso que se nos informe cal e a petición concreta de ADIF e que relación ten con isto a empresa Mantuano Galicia SL que según o rexistro mercantil dedícase á promoción inmobiliaria.”

Sr. Alcalde.- Só lle pido rigor na súa formulación. En canto á demanda, ADIF sostén que ten propiedades dentro do ámbito, co fin de participar no aproveitamento lucrativo, mentres Edicasla sostén que non é así e que posúe a documentación das propiedades co seu título e inscritas, e figuran no expediente. Polo tanto o contencioso non é co concello, senón entre particulares, e deberase resolver pola xustiza ordinaria e non por medio do contencioso-administrativo. O conflito ao que se refere sobre as edificacións respecto á vía férrea non é correcto. O conflito real é que Edicasla reconstrúe un muro existente á beira do talud da vía, mentres que ADIF sostén que a reconstrución non estaba autorizada dentro do permiso emitido.

Dª. Emma González.- Iso non é o que din os escritos, que quere que lle diga.

Sr. Alcalde.- Non existe inconvinte respecto aos edificios e a súa posición, xa que o ADIF autorizou a redución da liña de servidume. Só lles pido rigor coa súa formulación. Non deben concluír cousas sen o coñecemento das causas.

Dª. Emma González.- Quixera que me aclare, e que conste en acta, se o contencioso administrativo non é pola infracción da disciplina urbanística? ¿Dígame si ou non?

Sr. Alcalde.- Estoulle contestando, e aclarando a súa moción.

Dª. Emma González.- Non me está respondendo o que pregunto, teremos que ir á escola novamente a aprender o silabario, como xa me dixo anteriormente.

Sr. Alcalde.- Tome vostede nota do contestado que constará en acta. Está faltándolle ao respecto á Corporación e a público, e non siga por esta liña. Gustosamente se lle contestou á súa pregunta. Noutro Pleno formule vostede outra pregunta e gustosamente se lle costeará. Pase á seguinte, por favor.

TERCEIRA.

“Segundo co tema das urbanizacións de Miño, resulta que agora nos gustaría que nos informara que é o que vai a pasar con Piñeiro xa que a adjudicataria da expropiación, a UTE se lle requiriu para que presentara documentación relativa a exclusión da expropiación que, segundo di, ante o concello o solicitaron os propietarios dos terreos, que se iniciou un expediente de revisión de oficio do acordo de aprobación definitiva do proxecto expropiatorio, e así sacar a expropiación as empresas Vallehermoso, Areal e Josefa Cagiao Picado. Pois ben en xunta de goberno aprobouse someter este procedemento de revisión a exposición pública e notificalo aos interesados. So



Ile preguntamos si isto é porque as empresas que conforman a UTE, están sen cartos e por iso agora pretenden que os que antes querían construír non lles deixaban, e agora que non se pode construír pola UTE, o fagan as outras co proxecto de parcelación que se lles presenta a UTE.”

Sr. Alcalde.- En canto ao seu comentario sobre a UTE, se ten ou non cartos, creo que está fora de lugar e pertence máis ben ao terreno do “marujeo”, ao que vostedes son moi afeizoados. Creo que ten vostede suficiente nivel intelectual para non caer nestos comentarios. Como alcalde, o único que me preocupa a este respecto é o cumprimento dos compromisos adquiridos pola sobredita empresa con este concellos. Compromisos que, ata esta data, cumpríronse puntualmente. O que non acabo de entender e a súa obsesiva preocupación pola empresa Vallehermoso. Dende hai tempo, tanto na prensa como nos seus boletíns informativos e tamén nos Plenos, vostedes veñen insistindo na defensa desta empresa. O proxecto de Vallehermoso foi o peor valorado dos tres que se presentaron, e iso non o digo eu, senón o di tribunal que xulgou, nun informe feito por tres profesionais: un arquitecto, un enxeñeiro e un economista. Vallehermoso foi a empresa que ofertaba un menor canon para o concello, isto é 1,2 millóns de euros fronte aos 6 millóns ofertados pola UTE. E tamén foi a empresa que menos pagou aos propietarios, 14.000 ptas/m² fronte aos 20.000 ptas/m² da UTE. Non sei o porqué da súa defensa de Vallehermoso. Non sei se teñen ou non accións desta empresa. Polo que respecta ao acordo da Xunta de Goberno, sobre a exclusión da expropiación, informo-lles do seguinte: tanto Vallehermoso como Areal, propietarias dunha parte importante do solo de Piñeiro, presentaron no seu día sendas solicitudes de exclusión da expropiación, solicitude que non puido atenderse nese intre por non existir a preceptiva escritura de reparcelación voluntaria.

D^a. Emma González.- Vulnéranse os artigos 148 e 149 da Lei do solo. Vostede o sabe. Vostede é un gran manipulador. Non me está contestando.

Sr. Alcalde.- Estoulle contestando, non lle podo dar lugar a este comportamento. Podo defender posturas distintas á súa. Cando negamos no seu intre a exclusión estabamos avalados por un informe xurídico. Teño a certeza que unha revisión de oficio pode facerse do xeito que se fixo. Vostede carece de toda autoridade. Vostede é concelleira e eu son o alcalde. Serán outros os que deban de vulgar se temos a razón ou non. Non vostede. Non.

D^a. Emma González.- Non me respondeu, eu só quero falar a cuarta parte do que vostede fala.

Sr. Alcalde.- Cando acordamos a exclusión foi cun informe xurídico. Podo discrepar do que vostede pensa. Vostede non está aquí como letrada, nin como xuíza substituta, está como concelleira e eu como alcalde. Temos posturas lexítimas enfrontadas.

D^a. Emma González.- Non me respondeu. Está vostede manipulando.

Sr. Alcalde.- Doulle por rematadas todas as súas intervencións, e en canto ao resto de preguntas dareilles a resposta por escrito.

D^a. Emma González.- Non me respondeu. Nin a esta, nin tampouco á anterior. Vostede é un gran orador, e a min non me deixa intervir. Que quede constancia da miña protesta.

Sr. Alcalde.- Eu debo escoita-la e vostede a min. Lea vostede o resto das preguntas.



D^a. Emma González.- Non me respondeu. Segue sen responderme. Estou castigada.

Sr. Alcalde.- Dado que é imposible chegar a un entendemento con vostede, a partir de agora mesmo e no sucesivo contestareille ás súas preguntas por escrito. Comece vostede.

CUARTA

“Queremos que informe a este pleno, por qué vostede cursa invitacións a empresas constructoras de Cee, Muxía e Vigo para realizar obras no Concello e sen embargo non o fai a empresas de Miño.

Será que non hai empresas de construción en Miño?”

QUINTA

“O agosto pasado entrou no Concello unha subvención para reformar o pavimento da zona de ocio das V.P.O., como non temos constancia de que se realizara esta obra.

Queremos que informe a este pleno cando se vai a facer esta obra.”

SEXTA

“Fai varios meses inaugurou vostede e o grupo de Goberno a Praza de Raxel, faltándolle ao respecto aos grupos da oposición ao non invitalos a este acto -algo ao que nos estamos acostumando-. A cuestión é que o aprazamento leva rodo o inverno con problemas polas choivas, e están realizando reformas.

Quéremos que vostede informe a este pleno que ocorre realmente, se este problema vai perdurar no tempo, por non realizarse ben a obra, e quen se fai cargo dos gastos que está ocasionando?”

SÉTIMA

“Hai uns meses adxudicouse o Punto Limpo, e desde hai algún tempo estamos observando como se amontoan as rodas de coches fora do recinto. Desexamos saber se vostede ten constancia disto, e que vai facer para remedialo.”

Sr. Alcalde.- Contestareille por escrito.

PREGUNTAS DE TEGA

Coa data do 19 de febreiro de 2009, rexistro de entrada núm. 1258, don José María Laya Carril, portavoz do grupo Municipal de Terra Galega (TEGA) no Concello de Miño, ó amparo do disposto no Artigo 97.7 do ROF, presento no rexistro dentro do prazo establecido o presente documento, cos seguintes rogos e preguntas para formulalas ante o próximo pleno ordinario correspondente ó mes de febreiro do ano en curso, para a súa contestación

PREGUNTAS

PRIMEIRA

“Sr. Alcalde. Non fai moito tempo, moitos veciños de Miño sufriron as consecuencias da rotura da canalización de auga potable, nun tramo do traxecto de Sombreo a Miño. Esta canalización cando se levou a cavo fai



bastantes anos, fíxose seguindo, o que moitos cidadáns chaman e así seguen chamando "Camiño Real", tamén coñecido entre os veciños como "a Corredoira" camiño de dominio público. Pero este quedou cortado e sen continuidade polo menos en tres puntos: Polo paso da nacional sexta e polo paso da autopista. E isto sucedeu porque os que manexan o concello en aqueles momentos, seguramente que non cumpriron coa súa obriga, ó non esixir ós organismos correspondentes que se conservasen o citado camiño, ben con un túnel subterráneo no caso da Nacional e dunha ponte no caso da autopista. (Non sei si entre os aquí presentes, se atopa alguén que formase parte de esa corporación). E fáltanos o terceiro punto, este máis recente, como consecuencia da construción dun edificio de vivendas privadas na rúa Galea nº 24. En conclusión:

Os tramos que quedaron separados como consecuencia da mutilación sufrida no seu día polo Camiño Real e que o seu recorrido quedou polo tanto sen continuidade, accidentalmente e de forma provisional pero non definitiva. Cando digo provisional, non definitiva, refírome a que este camiño Real, en calquera momento, ben por este Goberno Municipal ou por calquera outro distinto de actual, puidesen proceder á súa recuperación. ¿Qué titularidade teñen, pública ou privada?"

Sr. Alcalde.- Non teño o coñecemento sobre este tema, dado que cando se produciron estes feitos aos que vostede fai mención eu non estaba na Corporación. Esta será a única das súas preguntas que lle terei que contestar por escrito. Tratarei de informarme sobre este tema e cando dispoña da información e dos datos necesarios dareille unha resposta escrita.

SEGUNDA

"Sr. Alcalde. Fai xa demasiado tempo, que moitos veciños residentes en distintos lugares da parroquia de Bemantes e descoñezo se de outras parroquias tamén, pagaron puntualmente e responsablemente o correspondente enganche ó servizo do alcantarillado a cantidade de 428 euros aproximadamente, pero o día de hoxe continúan sen dispoñer de este servizo e parece ser que non está previsto nun futuro próximo.

- 1.- ¿Cómo é posible que a día de hoxe, todavía, estes veciños non dispoñen do deste servizo de alcantarillado, a pesar de pagalo enganche?
- 2.- ¿Cando ten previsto facilitar este servizo a estes cidadáns?
- 3.- ¿Se estes veciños non dispoñen de este servizo, como é evidente que non dispoñen do mesmo e vostede non para de dicir en canto pode, que no Concello de Miño, non se verte unha sola gota de auga ó mar sen depurar, pero non se depuran como este é o caso a onde van?
- 4.- ¿Poden este veciños solicitar a devolución de este diñeiro, sen temor a complicacións posteriores, cando realmente dispoñan dun servizo e volvan a solicitar de novo o enganche?"

Sr. Alcalde.- Esta pregunta tivo resposta na moción núm. 1 presentada polo PSOE, por ser coincidente coa mesma, e xa se dixo que quedaría respostada.

TERCEIRA



“Sr. Alcalde. Con data de 5 de decembro de 2008 e rexistro de saída 51/06, enviou vostede ó Tribunal de Contas (Sección de Enxuzamento - Departamento primeiro) unhas alegacións có propósito de dar cumprimento ó requirimento efectuado por providencia de 24 de Novembro de 2008, en Dilixencias preliminares A194/08. Como consecuencia de unha denuncia presentada ante este tribunal, en base a un informe da interventora municipal. Non vou a entrar en detalle sobre cada unha delas, pero sería interesante que aclarase o concepto que se menciona na primeira delas, en concreto sobre o estado da tesourería, que di: O estado da tesourería presenta un saldo final positivo de 3.000.000 de euros, así coma un aforro neto positivo. E dicir, a situación presupuestaria e financeira deste Concello a 31 de decembro de 2007 non reviste, en absoluto, as características que os denunciante poñen de manifesto.

Estará de acordo comigo que a realidade sobre a gravidade ou non das finanzas do Concello expono o propio informe da interventora, non o din os denunciante, ó reflexar no mesmo unha cantidade de modificacións en distintas partidas de crédito, que vostede mesmo dixo e así consta reflexado en un medio de comunicación escrito. "No recuerdo la finalidad ni el destino final de estos fondos" "pero si recuerda que de todas las modificaciones solamente 15 fueron aprobadas por la corporación" e tamén se apresurou a votar balóns fora, como de costume e dixo que si había algún tipo de responsabilidade esta sería do interventor. Dicir tamén que quen fala de inestabilidade orzamentaria e de a necesidade de financiación de 5.000.0000 de euros, así como de un plan de viabilidade a tres anos non son os denunciante, senón a propia interventora no seu informe. En conclusión:

- 1.- ¿Cando menciona a cantidade de 3.000.000 de euros, en esa cifra están sumados os créditos ou este balance positivo e procedente soamente de
- 2.- ingresos varios? Como non o teño moi claro, ¿Podía vostede aclararme este concepto?
- 3.- ¿Solicitaba no seu escrito de alegacións o arquivo das dilixencias preliminares? ¿Estas arquíváronse? ¿Si non é así en que situación ou en que fase se atopan actualmente?”

Sr. Alcalde: Esta pregunta que lle prepararon é un pequeno “popurri”. Como vexo que non ten claros certos conceptos, dareille a resposta as súas preguntas.

No informe da interventora só se facía mención da inestabilidade orzamentaria. O remanente de tesourería regúlase no artigo 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, artigo 101 do R.D. 500/90, de 20 de abril e demais disposicións concordantes.

Para a cuantificación do Remanente de Tesourería téñense en conta os seguintes importes, todos eles deducidos dos datos que figuran en Contabilidade a 31 de decembro e que por suposto eu non manipulo, tratase de datos obxectivos:

- Dereitos pendentes de cobro ó final do exercicio, que é o que nos deben
- Obrigas pendentes de pago. ó final do exercicio, que é o que nos debemos



- Fondos líquidos de Tesourería en fin de exercicio, que é os saldos das contas abertas nas distintas entidades de crédito.

En conclusión o remanente de Tesourería obterase como suma dos fondos líquidos de Tesourería máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago. Despois das operacións previas resultará o remanente afectado, e o dispoñible para gastos xerais. Unha cousa é a existencia a 31 de decembro, e outra ben distinta o remanente de tesourería.

As existencias en Tesorería a 31 de decembro de 2007 polo importe de 3.568.562,40 € é o diñeiro líquido con que se pecha o exercicio, a suma de tódalas existencias nas distintas contas bancarias, e iste procede da existencia inicial a 1 de xaneiro do ano corrente, coa suma de tódolos ingresos polos distintos conceptos, tanto orzamentarios como non orzamentarios, e réstanse tódolos pagos realizados no exercicio.

O Crédito de Caixa Galicia, se é ao que vostede se refire durante o 2007, só se dispuxo para o pago de certificacións, se ben rematado o periodo de carencia ingresouse todo o non disposto, xa que se non se fixese isto deberíamos de ir a unha nova operación de crédito. Respecto á inestabilidade orzamentaria, aprobamos un novo orzamento en estabilidade. Isto non quere dicir que dentro dun tempo, meses, un ano, dous anos, se entramos en inestabilidade haberá que facer un plan, para lograr un equilibrio, e chegado ese momento elevarei a proposta ao Pleno para a súa aprobación.

En canto a terceira pregunta, presentamos as alegacións correspondentes e voulle a dar lectura ao informe do interventor. Os denunciante non se personaron, a pesar da gravidade da denuncia, polo que o ministerio fiscal non ten elementos obxectivos para apreciar se existiron ou non as irregularidades denunciadas, polo que decide continuar coas actuacións previas, nomeándose un instructor. Isto é todo o que sabemos nesta data.

O concello non está nesa tan comentada situación que algúns quixeran, e cumprimos escrupulosamente o que é a nosa obriga, dende o coñecemento do informe da interventora, se deron as ordes oportunas para a reducir o gasto corrente, non se concertaron tampouco novas operacións de crédito. Polo tanto, estimo que queda contestada suficientemente a súa pregunta. Pasemos á seguinte.

CUARTA

“Sr. Alcalde. Meses atrás en cumprimento da sentenza xudicial levouse a cavo o derribo de unhas cafeterías/bares/chiringuitos e outros establecementos, por parte do xefe da Demarcación de Costas en Galicia na Praia Grande de Miño. Para facer isto entre outras cuestións alegouse a recuperación de este espazo para dominio público. Seguramente porque a nosa praia non necesita de este tipo de negocios, pois dispón no seu radio de acción de varios negocios hostaleiros. O que realmente me sorprende é que dende o ano 2006, xa vostede estaba baraxando a nova concesión de instalacións de novas cafeterías/bares e en distintos BOP e DOG saíron convocatorias e bases do concurso para a súa adxudicación e explotación.

1.- ¿A que empresa ou particular se lle adxudicou a explotación de estas cafeterías/bares e en que BOP ou DOG saíu publicado?



- 2.- ¿Por canto tempo se concedeu a explotación de estes negocios e canto ingresa o Concello por esta concesión?
- 3.- Mantense o proxecto inicial, e dicir, o modelo e situación ou tívose que variar. En este caso en que consiste este novo proxecto?
- 4.- ¿Están construídas estas novas cafeterías/bares. Quen ou quenes corren cos gastos de construción?
- 5.- ¿Se realmente van a ser de tempada, e dicir "Xuño-Setembro" ou polo contrario autorizará a permanecer abertas todo o ano?
- 6.- ¿De non haber impedimento algún, a súa instalación sería antes de que comezase a tempada. Pero parece ser que hai algún inconvinte para a súa instalación antes do verán. Se isto é certo, cal é?"

Sr. Alcalde.- En primeiro lugar as cafeterías da Praia Grande nada teñen que ver co proceso xudicial que se segue. Hai distintas partes nas súas preguntas que condicionan a miña resposta.

Vostede lembrará que cando cheguei á alcaldía había unhas previsións de instalacións feitas polo anterior goberno municipal. Nese intre renunciouse á construción de aquelas cafeterías, por entender que eran unha agresión medio ambiental. Renunciouse á súa construción polo grupo de goberno por entender que provocarían unha agresión á praia. Iniciouse un procedemento, concurso, e gañou a única empresa que participou. A partires dese intre é a propia empresa a que ten que xestionar tódalas autorizacións. Nese contexto, unha sociedade chamada Playa Grande de Miño alega certos dereitos sobre unha parte dos terreños, avalada segundo se di por certas sentenzas. Surxe así a dúbida se a empresa deberá ser resarcida economicamente pola Demarcación de Costas ou non. Nestos momentos é unha cuestión sub-júdice. A Demarcación de Costas, tras os cambios rexistrados na súa dirección, plantexábase o seguinte: ¿Playa Grande de Miño ten dereito ou non a percibir indemnizacións correspondentes por unha propiedade sobre o dominio público?. O Sr. Eimil, xefe da Demarcación de Costas, informoume que a súa propia asesoría xurídica chegou á conclusión que non teñen dereito á indemnización, a percibir ningún diñeiro. ¿Ten dereito esta sociedade, Playa Grande de Miño, algún dereito a montar as novas cafeterías? A min, como alcalde, non me preocupa se o dereito a montar as cafeterías corresponderá á sociedade que gañou o concurso ou a Playa Grande de Miño. Agora plantéxase a dúbida se Playa Grande de Miño terá algún dereito a explotar as novas cafeterías. A Demarcación de Costas, á vista do proceso xudicial, decidirá o que sexa da súa competencia. O tempo de duración da concesión será de 10 anos, prorrogables por outros 5.

QUINTA

“Sr. Alcalde. Empezou con moita forza, a reforma da rúa Carreira. É dicir, a iso que vostede denomina "Bulevar" pero dende comezos do verán, nós atopamos que rodo está paralizado. Se ían a reiniciar a comezos do mes de Setembro máis tarde en Outubro, logo en decembro e estamos a finais do mes de Febreiro e todo segue igual que a comezos de verán.

¿Quere de verdade dicirnos cal é o problema real que a empresa concesionaria de esta e outras obras ten có Concello? Porque problemas hainos e estes son evidentes.



- 1.- ¿Estes problemas poden ser cuestións económicas, e dicir, non cumprir cós pagos acordados por parte do Concello?
- 2.- ¿Inflúen en esta cuestión, e dicir, o que non se continúe a día de hoxe coas obras de reforma da rúa Carreira, o que esta empresa, posiblemente non percibira os pagos correspondentes á construción da "EDAR" porque según un escrito de esta empresa "Espina y Delfín", entre outras cuestións sinala que o Concello é o que provocou esta situación, ou son de outra natureza?. Mire dígolle unha cousa, para intentar que os demais poidamos axudar a solucionar os problemas, o primeiro que se ten que facer é recoñecer que os hai, senón do contrario pouco se pode facer. De outras maneiras ¿Para cando pense que se poidan comezar os traballos?
- 3.- Ó final de estas reformas/obras, é dicir, cando estas rematen. Xa fixo vostede os cálculos sobre cantos euros de máis teremos que pagar cada un dos cidadáns e este concello polo retraso das mesmas?."

Sr. Alcalde.- Sr. Laya eu non lle chamei boulevard porque si, senón porque en realidade é un bulevar, e ven do francés boulevard, rúa ancha e con árbores. Débolle aclarar que o retraso das obras no bulevar está motivado pola petición realizada polos comerciantes da zona pendente de execución, para evita-las molestias nas datas navideñas e polo mal tempo. Así se lle dou traslado á empresa, e ista, como ben poderá saber, retirou os equipos de Miño e estarán realizando outras noutros concellos, polo que despois desta interrupción non poden telos equipos parados agardando que lles digamos que continúen, polo que estase á espera da súa reanudación, que será en breve e a empresa comprometeuse a remata-las obras no presente 2009.

Con respecto á dúbida que vostede considera sobre si o retraso nas obras poder ser consecuencia do retraso nos pagamentos, infórmolle que a empresa Espina y Delfín cobrou puntualmente todas as certificacións correspondentes a esta obra, é dicir, non se lle debe nada. En concreto, leva cobrados 3.028.826,89 euros ao longo dos anos 2007, 2008 e 2009. A pesares das mentiras que circulan polo pobo sobre a situación financeira do concello, pagamos puntualmente tanto as nóminas, como os servizos e as facturas. En algúns bares e tabernas dise e coméntase iso que vostede afirma. Ao día de hoxe, tal como lle dicía, tódalas empresas cobraron as certificacións presentadas ata finais de novembro, e dentro de poucos días abonaranse as que figuran como pendentes do exercicio de 2008. ¿Coñece vostede a moitos concellos tan cumpridores nos seus pagamentos? Nesta data estanse a pagar puntualmente as nóminas, servizos, as certificacións de obras aprobadas ata o 15 de novembro están todas pagadas, a lei de contratos da dous meses para o seu pagamento, e nós vimos a cumprir puntualmente tódolas obrigas, outra cousa distinta é o que se di por outros lugares e que non se corresponde coa verdade.

Con respecto á dúbida que ten vostede ao relacionar a suposta paralización da obra coa débeda á empresa constructora da EDAR de Ponte Baxoi pola parte de Martinsa-Fadesa, dicirlle que son cousas totalmente distintas, sen ningunha relación, e creo que xa lle contestou dabondo no primeiro parágrafo, a actuación do concello neste caso foi motivada pola petición dos veciños.

Polo que respecta á súa última dúbida ou preocupación, teño que tranquiliza-lo, estou en condicións de garantirlle que este concello non vai pagar un só euro



de máis polo retraso das obras, que insisto está condicionada pola solicitude cidadán á empresa.

SEXTA

"Sr Alcalde. Lévese demasiado tempo debatindo sobre a legalidade ou ilegalidade da depuradora de "Ponte Baxoi". Que si dispón dos permisos ou carece deles. Non entrarei ó fondo do asunto, pero si decirlle que son moitos os cidadáns que se preguntan e consideran que se poñerse en funcionamento, ó menos esta instalación debe de dispoñer de un emisario que canalice os seus vertidos hasta o centro de ría e non lles vale coma desculpa que esta instalación sería moi custosa (como ó parecer dixo alguén do seu entorno).

En datas recentes, a Axencia de Legalidade Urbanística da Xunta, comunicoulle mediante un informe/escrito/requerimento/expediente, que esta instalación carece dos permisos oportunos, que é unha instalación ilegal e ademais require ás empresas suministradoras de electricidade e outros servizos a súa total paralización nos suministros.

Segundo a Xunta, a Depuradora, está construída en solo de PXOM, vixente clasificada como "Rústico de Medio Ambiente".

Ademais estes terrenos están incluídos dentro da liña de servidume de protección de costas. Si isto é como di a propia Xunta, vostede seguramente que era concededor de esta situación e a pesar de todo vostede sigueu adiante e levou a cavo a construción de esta depuradora. En Novembro do 2007, a Concellería de Política Territorial advertiu "O alcalde que non pare unha obra ilegal só apraza e incrementa o problema". E para darlle un pouco máis de morbo a este tema, o Concello aparece como "promotor da mesma". Cando realmente o verdadeiro promotor é a propia inmobiliaria "Fadesa".

1.- ¿Por qué consta o Concello como promotor. Fíxose para evitar que Fadesa promotora de esta obra pague licencias municipais. Porque eu descoñezo se hai licencia municipal de esta obra? ¿Hai ou non licencia municipal?

2.- ¿Porqué sigueu vostede adiante con esta obra a pesar de estas outras moitas advertencias?

3.- ¿Qué ten vostede que dicir ante este caos, laberinto, enredo, fregado, confusión. En definitiva ante este "lío" no que está metido o Concello?

4.- Qué camiño pensa tomar, vostede sabe moi ben que non pode mandar a depuradora a funcionar? Porque en este suposto non se estaría cometendo una falta leve ou irregularidade, estaríase cometendo un delito."

Sr. Alcalde.- Non sabe o que lle agradezo a presentación desta pregunta por estar dirixida ao Pleno. Agradézolla de verdade. Esta pregunta marca un cambio de talante por a traer a debater ao Pleno. Non como fan outros representantes municipais.

D^a. Emma González.- Conteste vostede polos demais.

Sr. Alcalde.- Vostede non ten a palabra neste intre. Teña un mínimo de educación e talante. Teño a certeza de que un membro do PSOE, utilizando a súa condición de concelleiro, dirixiuse a unha institución como é a Consellería de Política Territorial nun tono amenazante.

Mire díxéronse moitas tonterías sobre a EDAR e demos xa tantas explicacións, que comezo a estar canso deste tema. Díxose que non era o lugar adecuado,



que só ten capacidade para 5.000 habitantes e terá que depurar para 20.000, que se ten que depurar tamén os residuos procedentes do polígono de Vidreiro, que se non ten os permisos. A EDAR está ubicada en solo clasificado como sistema xeral de infraestruturas básicas e servicios. Pois ben, como vostede sabe cando chegamos ao goberno municipal o PXOM estaba xa aprobado dende o 2002, contando co informe favorable da Consellería de Pesca do 9 de xullo de 2002. Si naquel intre era o sitio correcto, non da lugar a que agora se diga que non é o sitio correcto. Realizaron-se todos os trámites, estudos de impacto, etc. As depuradoras ou ben verten aos ríos ou ben ao mar, non en outros sitios, e deberanse cumprir tódolos parámetros e recomendacións. Unha cousa é o verquido e outra a construción. Indicareille as autorización e permisos de que se dispón.

As autorizacións pertinentes son en primeiro lugar a municipal, é unha obra municipal o proxecto aprobouse no Pleno do 13 de decembro de 2002, esta infraestrutura resolve o problema de Fadesa e tamén doutras parroquias, como Bemantes. Esta obra se constrúe sen custo para o concello, dentro do Plan da urbanización, con cargo é empresa.

A autorización de verquido se está tramitando dende o 2004 en Augas de Galicia, dende 12-11-2004. Comprobase o 26 de xaneiro de 2009 o estado da súa tramitación, estase completando o expediente, e así informaron favorablemente dende a Demarcación de Costas, Consellería de Pesca, Sanidade, Política Territorial, dende Medio Ambiente e dende a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, publicouse no BOP, rematando a comezos deste mes a exposición, 11 de febreiro. Requírese tamén unha autorización da Deputación por afectar a un vial de titularidade provincial, solicitouse e pagáronse as taxas. Mire vostede, naquel intre as distintas consellerías tiñan a oportunidade de opoñer o que consideraran oportuno, e non foi así. É necesaria a autorización para a construción da administración autonómica e segundo o informe xurídico, ao que fixeron referencia, é na aprobación definitiva do plan parcial cando se lle concedeu a autorización definitiva a esta EDAR. Hoxe temos tramitados tódolas autorizacións e permisos. Díciase que este non era o lugar adecuado, que se debía ubicar nos terreños da urbanización de Fadesa. Pois mire vostede, se a súa construción se decidira nos terreños de Fadesa, teríase que bombear a auga, e ista iría para o mesmo sitio, acabaría no río Xarío e na marisma, e polo tanto tamén finalmente no Baxoi, e dicir que sería a mesma cousa. Conta con todas as autorizacións. Antes dicíalle que polo seu emprazamento permitírase depurar as augas procedentes de Bemantes, co aforre de custos, tanto para o concello como para os particulares. Ten tódolos permisos municipais, PXOM, Plan Parcial. En canto aos verquidos, se as captacións de auga en vez de telas nas cabeceiras dos ríos, se tiveran en puntos intermedios ou finais as medidas terían que ser máis estrictas. Nós podemos dicir que cúmprense tódolos parámetros e medidas correctoras para evitar o impacto medio ambiental.

En canto á súa pregunta de por que consta o concello como o seu promotor, dicirille que é así porque efectivamente é o promotor. O feito de que a obra sexa financiada por Martinsa-Fadesa non implica que dita empresa sexa a promotora. O promotor repito é o propio concello. E o Concello de Miño ao día de hoxe tramitou todos os permisos e as autorizacións correspondentes. Seguinte pregunta.



SÉTIMA

“Foron moitos os cidadáns, que me trasladaron as seguintes cuestións, para que llas realizase en este pleno, eu como son o seu representante no Concello trasladollas:

A- Si como vostede, o seu equipo de goberno e asesores, veñen dicindo e sustentando que de a depuradora, sairía a auga completamente limpia, que non contaminaría, non desprendería malos olores, etc, etc...”

Sr. Alcalde.- Se vostede o permite, ireille respostando unha a unha cada pregunta. Con respecto a ista, non é que o diga eu ou o equipo de goberno, é que o dí a propia normativa que rexe nestes casos. Son os organismos competentes, Augas de Galicia e Pesca, os que determinan os parámetros e as condicións da depuración e establecen os controles adecuados.

B- ¿Por qué non se fixo esta instalación, non propios terreos de Fadesa e así poder aproveitar este maravilloso líquido transparente, para o rego dos xardíns da propia urbanización e do mesmo tempo Campo de Golf e así por outra, de seguir collendo a pouca auga que leva o río Xarío?

Sr. Alcalde.- Vamos por partes. Equivócase vostede no do rego. O rego do campo de golf efectúase coa auga procedente das pluviais da urbanización, almacenada nunhas balsas ou lagos artificiais que se distribúen ao longo do campo, sen que se empreguen, para nada, a auga do río Xarío.

C- Parece que se nos próximos días, se levara a cavo una reunión entre as empresas que adqueriron os terrenos do "Monte de Piñeiro" e que de esta pode sair un acordo, para que cada empresa/inmobiliaria, constrúa na proporción que lle corresponda, según volumen de terreo de cada unha de elas.

D- Debe ser certo, está claro que esta situación estancada dende fai tempo, denotaría una marcha atrás pola súa parte. ¿Qué pasaría en este suposto, có expediente de expropiación a dúas de estas empresas e algún dos propietarios que non venderon?

Sr. Alcalde.- O tema de Piñeiro xa o tratamos neste Pleno, debo e quérolle aclarar e matizarlle varias cuestións, respondendo ás súas preguntas.

A primeira, eu non din marcha atrás. Tomamos o acordo da exclusión da expropiación para os propietarios que o tiñan solicitado, e non se lles concedeu nun primeiro momento porque non se daban as condicións legais para ilo, é dicir, non existía o proxecto de reparcelación.

A segunda, non teño o coñecemento de que as empresas con propiedades en Piñeiro van ou non a ter a reunión á que vostede alude.

Con respecto á súa pregunta sobre o qué pasaría con esas empresas e os particulares, pois moi sencillo: as empresas ou propietarios particulares que tiveran solicitada a exclusión e que conten coa superficie mínima esixida para estes casos, se lles concede á exclusión. O resto das propiedades que non foron vendidas, que son moi poucas, deberán ser obxecto da expropiación.



E- Os cidadáns que somos moitos, aunque poucos os que alcemos a voz pedímoslle que non siga manipulado a realidade. Baixo ningún concepto estamos en contra das depuradoras, todo o contrario estamos a favor delas, porque son imprescindibles. O que estamos é en contra de que constrúan en lugares inapropiados e que nun futuro ocasionen danos irreparables. Pero esta situación está claro que soamente preocupa e doe a os que realmente queren a verdade e sen intereses de nungún tipo a este pobo, noso pobo e noso entorno.

Sr. Alcalde.- Creo que este tema xa foi suficientemente debatido e creo que vostede xa ten resposta.

F- Nas inmediacións do recinto "Punto Limpo" atópase una montaña de neumáticos. ¿Sábese quen ou quenes foron os causantes de este presunto delito? ¿Porqué motivo a día de hoxe aínda seguen en esta situación? ¿Por qué non lle ordea á empresa concesionaria de este Servizo que os recolla e traslade ó punto limpo?

Sr. Alcalde.- No momento que tivemos o coñecemento do depósito de estas rodas, cursei as ordenes oportunas para que se inicie pola Policía Local unha investigación para determinar que foi o causante deste depósito. Nós non temos capacidade para xestionar este verquido. Pola parte de Seprona, se lle comunicou, e desentendeuse do tema, afirmando que non é da súa competencia. Este tipo de residuos non poden ser tratados no Punto Limpo, polo que xa se fixeron as xestións oportunas cunha empresa de Campolongo para que se faga cargo das mesmas, facéndose cargo o concello dos custos correspondentes.

G- ¿Cal é o motivo ou con que obxectivo se realizou o peche do camiño Inglés na súa saída á altura da antiga báscula e á altura da rotonda de saída dirección Coruña, con un peche metálico e con mando a distancia e non se fixo con un peche provisional de madeira?"

Sr. Alcalde.- Esta pregunta xa foi contestada nun Pleno anterior, pero volverei a explica-lo. Este camiño está sendo urbanizado, segundo establece o PXOM e seguindo as directrices que estableceu Patrimonio, da Consellería de Cultura. Por motivos de seguridade, como en calquera outra obra, o ámbito do traballo, por motivos de seguridade, debe permanecer co acceso restrinxido a toda persona non autorizada e relacionada coa execución das obras, sendo a empresa promotora a responsable de velar por esta seguridade, os seus técnicos e empresas e persoal participante. En canto ao porqué está pechada a obra cunha verxa metálica con mando a distancia, pois dicirlle que o concello non especifica como deber este valado, tan só que a obra debe permanecer pechada de xeito adecuado en seguridade, ornato e posición.

OITAVA

“(Por cuarta vez) Gustaríame saber canto ingresou o promotor do edificio na APOD-10 polos 9m² de diferenza no local que entregou ó concello e a data de dito ingreso.



Desexo saber o número de mandamento de ingreso e a data do mesmo, coa súa cantidade e persoa que fai o ingreso.

No caso de que persista na súa actitude de non responderme vereime obrigado a trasladarlle a pregunta á intervención.

¿Ou é que non se calculou o importe despois de dous anos? Pois a recepción fíxose o 27 de Xaneiro de 2007.”

Sr. Alcalde.- Está vostede equivocado. Non son 9 m², senón 3,48 m². No contrato da cesión de este local dise que deber ter 140 m², sen especificar se estos serán construídos ou útiles. Tras o correspondente debate co promotor, o concello impuxo o seu criterio e deberán ser útiles. O local ten unha superficie útil de 136,52, a diferenza a favor do concello é de 3,48 m². O técnico municipal realizou a valoración, e deberá abonar ao concello a cantidade de 2.349,00 euros. A resolución correspondente xa foi notificada ao promotor, e deberá realizar o ingreso da contía sinalada no prazo fixado.

Non habendo outros asuntos que tratar, o señor Alcalde dá por finalizada a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e seis minutos, de todo o cal eu, como secretario accidental, dou fe.

O Alcalde - Presidente

O secretario accidental